

COGAMI

Confederación Galega de
Persoas con Discapacidade



Proxecto Casa da Vía

VIDA ACTIVA
para persoas con discapacidade

O proxecto:

- Innovador modelo de vivendas á medida das persoas con discapacidade, posibilitando a súa **vida activa**.
- Edificio de **20 vivendas**, 8 delas domotizadas, pensadas para persoas con discapacidade física severa.
- Dispoñer nos baixos do edificio dunha serie de **servizos** que poidan dar resposta ás necesidades **de apoio** dos residentes: asistencia persoal, axuda a domicilio, apoio ao mantemento funcional, etc...
- Creación de **iniciativas de economía social** que den emprego a persoas con discapacidade e que dote de servizos especializados ao conxunto da cidadanía en situación de dependencia.

O proxecto:

- Vivendas de entre 80 e 90 m² adaptadas con axudas técnicas e domótica.
- Edificio de 4 plantas con garaxes e trasteiros.
- Obra promovida por COGAMI
- Vivendas adquiridas en propiedade polos usuarios. Contan coa cualificación de promoción autonómica.



Filosofía:

Fundaméntase na crenza en que cada persoa con discapacidade ten dereito a:

- Desenvolver a súa propia autonomía
- Exercer os dereitos e responsabilidades inherentes a cada cidadán
- Ter un estilo de vida libre e independente

Obxectivos:

- Fomentar a autonomía e a participación na comunidade de persoas con discapacidade física severa
- Desenvolver servizos de apoio permanente para as persoas en situación de dependencia
- Promover a apoiar a vida activa das persoas con discapacidade física severa

Servizos de apoio:

- **Centro de rehabilitación e mantemento**
- **Punto de Teleasistencia**
- **Atención domiciliaria**



Centro de Rehabilitación e Mantemento

- Orientado á recuperación e mantemento físico-funcional e cognoscitivo a través das seguintes actividades:

- Fisioterapia e masaxe terapéutico
- Ximnasia de mantemento físico
- Hidroterapia

- A superficie total do espazo reservado a estas actividades é de **170 m²**



Centro de Rehabilitación e Mantemento

- **Equipamento de rehabilitación e fisioterapia:**

- Padiolas
- Espalderas e paralelas
- Colchóns e balóns terapéuticos
- Bicicletas estáticas e dinámicas
- Instrumentos fisioterapéuticos (ultrasonidos, láser, infravermellos...)
- Outros accesorios de ximnasio

- **Equipamento de hidroterapia:**

- Piscina de hidromasaxe termal
- Cabina termal, baño turco e sauna
- Duchas nebulizadas, de aceites, etc...

Punto de Teleasistencia

- Prestación dun servizo de atención social ou de saúde a persoas no seu fogar co apoio de sistemas baseados nas TIC.
- Cada usuario dispón dun terminal conectado telefonicamente a unha central de ordenadores que proporciona comunicación e seguridade en situacións de necesidade.
- O usuario recibe resposta instantánea e, se o precisa, persoal especializado para atendelo con urxencia.
- **Obxectivos:**
 - Contribuír a mellorar a autonomía persoal.
 - Favorecer a permanencia da persoa no seu contorno evitando a institucionalización.
 - Facilitar a comunicación co exterior proporcionando acceso aos servizos da comunidade

Punto de Teleasistencia

- **Usuarios potenciales:**


- Residentes na Casa da Vía
- Persoas cun nivel de autonomía limitado a causa da idade o do seu estado físico con capacidade para o uso do servizo.
- Persoas que viven soas ou con outras que non lle poden dar atención continuada ou suficiente.

- **Equipamentos necesarios:**

- Central de chamadas
- Terminais individuais (colar, reloxo, etc...)
- Telealarma (central doméstica de alarmas conectadas telefonicamente co centro de control)

Atención domiciliaria

- Por atención domiciliaria enténdense as seguintes **actividades**:
 - **Asistencia básica de axuda no fogar** (tarefas básicas relacionadas co aspecto e hixiene persoal)
 - **Asistencia doméstica** (limpeza das vivendas, lavandería...)
 - **Asistencia alimenticia** (servizo de catering)
- O **espazo** habilitado para estas actividades sería de **45 m²** que poderían chegar aos 110 m² en caso de desenvolver o servizo de catering nestas mesmas instalacións.
- Trátase dunha actividade que non require apenas equipamento por basearse fundamentalmente no labor dos propios asistentes.



COGAMI

Confederación Galega de
Persoas con Discapacidade

